

Un libro conta a vida de Dora del Hoyo

"Unha luz acesa" conta a vida de Dora del Hoyo, unha muller que buscou a santidad nas tarefas da casa e viviu o espírito do Opus Dei. "Non hai nada mellor que utilizar as miñas mans para servir aos demais", dicía.

01-12-2011

O libro foi publicado pola **Editorial Palabra** . O seu autor é Javier Medina (Portugalete, 1950).

Dora del Hoyo naceu nun pobo de Castela e León, en 1914. Tras efectuar os estudos elementais, comezou a traballar como empregada doméstica.

En 1939 trasladouse a Madrid, onde alcanzou un merecido prestixio no seu ámbito profesional. En 1946, pediu a admisión no Opus Dei: foi a primeira numeraria auxiliar na Obra.

Ese mesmo ano, trasladouse a Roma. Co seu traballo escondido e a súa recia abnegación, foi unha axuda inestimable para san Xosemaría Escrivá de Balaguer e para a expansión do Opus Dei polo mundo.

San Xosemaría valorou sempre moito o traballo das súas fillas numerarias e numerarias auxiliares, que se dedican profesionalmente ás tarefas do fogar nos centros do Opus Dei.

Explicaba que esas tarefas constitúen como a "espiña dorsal" sobre a que se apoia todo o labor apostólica. E afirmaba: *"¡É unha cousa de primeira importancia o traballo no fogar! Polo demais, todos os traballos poden ter a mesma calidade sobrenatural: non hai tarefas grandes ou pequenas; todas son grandes, se se fan por amor"*.

Doura faleceu o día anterior a cumprir os 90 anos. Morreu feliz e "nova", porque era unha muller namorada: namorada de Cristo, do Opus Dei, do seu traballo.

Por iso, foi "unha luz acesa" para as persoas que a trataron en vida, e seguirá séndoo para quen a coñeza a través dos seus recordos.

Con data de 11 de outubro de 2011 o Bispo Prelado do Opus Dei **convidou aos fieis da Prelatura** a achegar datos con vistas á introdución da súa Causa de Canonización.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/un-libro-
conta-a-vida-de-dora-del-hoyo/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/un-libro-
conta-a-vida-de-dora-del-hoyo/)
(15-08-2025)